



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 1 /2005.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Emilio López Pérez

VOGAIS:

D. Javier Bruña García

Dna. Beatriz Allegue Requeijo

SECRETARIA:

Dna. Ana Manuela Belinchón Jiménez

Representantes da comunidade:

D. Cástor Méndez López

D. Xoán A. Monasterio López

Na cidade de Lugo, o día vinteito de xuño de dous mil seis, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 1/2005 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **TRABA, COBREIRA, GRANDA, PENATRABADA e REME**, no concello de **RIBADEO**, iniciado por acordo do Xurado do 5 de maio de 2005, sendo vogal instructor **D. JAVIER BRUÑA GARCÍA**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instructor (coa data do 30 de xuño de 2005), iniciouse o expediente número **1/2005 (por instancia de D. Cástor Antonio Méndez López)**, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 12 de xullo de 2005, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 12 de xullo de 2005, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Ribadeo**, os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas



a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: Coa data do 18 de xullo de 2005, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte **TRABA, COBREIRA, GRANDA, PENATRABADA e REME**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

QUINTO: Coa data do 1 de agosto de 2005, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Ribadeo, na que se fai constar que o monte **TRABA, COBREIRA, GRANDA, PENATRABADA e REME**, tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro, nin pendente de despacho.

SEXTO: Coa data do 12 de setembro de 2005, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 12 de setembro de 2005, comunicóuselle ao concello do **RIBADEO** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

OITAVO: Coa data do 12 de setembro de 2005, comunicóuselle a iniciación do expediente a **DON CASTOR ANTONIO MÉNDEZ LÓPEZ** como solicitante da clasificación.

NOVENO: Coa data do 12 de setembro de 2005, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Ribadeo, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: Coa data do 4 de outubro de 2005, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Ribadeo, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (asento número 335 do tomo 43 do diario).

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 31 de xaneiro de 2006, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 6 de marzo de 2006, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 45, páxinas 3.262 e 3.263, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **TRABA, COBREIRA, GRANDA, PENATRABADA e REME**.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 13 de marzo de 2006, tivo entrada escrito asinado por **D. CASTOR ANTONIO MÉNDEZ LÓPEZ**, como solicitante da clasificación, no que manifesta que, tendo coñecemento da publicación no DOG da iniciación do expediente, constata un erro na pertenza do monte que non correspondería á parroquia enteira de **Covelas**, senón, en concreto, aos lugares de



AS ANZAS e REME DE ARRIBA, e remata pregando que sexa estimado o seu contido como aclaración ao seu escrito inicial.

DÉCIMO CUARTO: Na sesión celebrada polo Xurado, coa data do 15 de marzo de 2006, acordouse designar como novo vogal instrutor, a **JAVIER BRUÑA GARCÍA**, en substitución de Miguel A. Cela González.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 6 de abril de 2006, tivo entrada novo escrito asinado por **D. CASTOR ANTONIO MÉNDEZ LÓPEZ**, como solicitante da clasificación, no que insta á modificación do escrito de solicitude da clasificación, no que respecta á pertenza do monte que non correspondería á parroquia enteira de **Covelas**, senón, en concreto, aos lugares de **AS ANZAS e REME DE ARRIBA**.

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 17 de abril de 2006, comunicóuselle ao alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **COVELAS**, no concello de **Ribadeo**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **TRABA, COBREIRA, GRANDA, PENATRABADA e REME**, (con voz pero sen voto).

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 4 de maio de 2006, recibíuse comunicación da comunidade de veciños, na que como vogais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **DON CÁSTOR MÉNDEZ LÓPEZ**
- **DON XOÁN A. MONASTERIO LÓPEZ**

DÉCIMO OITAVO: Non se recibiu ningunha alegación en contra da clasificación do monte como veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, coa puntualización de que a súa pertenza corresponde aos lugares de **AS ANZAS e REME DE ARRIBA**, e non a toda a parroquia de Covelas. Atendendo pois, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **TRABA, COBREIRA, GRANDA, PENATRABADA e REME**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:



Nome: **TRABA, COBREIRA, GRANDA, PENATRABADA e REME**
Pertenza: **veciños dos lugares de AS ANZAS e REME DE ARRIBA**
Parroquia: **COVELAS**
Concello: **RIBADEO.**
Superficie: **43,48 hectáreas.**

Estremas:

Norte: Estrada de Reme a Os Carboeiros, peches de montes de Antonio Fernández Veiga, Juan Rodríguez Amor, Pedro Martínez, Ramón Fernández López, Concepción Rodríguez Murias, e outros.

Sur: río Grande e peche dos montes de herdeiros de Rebellón, Antonia Fernández, Manuel Parga e outros.

Leste: monte de Pedro García López, María Rodríguez e outros veciños de Santomé, peches de montes de herdeiros de Elisa Malvares Cancio, José Lamas e María Rodríguez.

Oeste: monte veciñal en man común dos veciños de As Anzas.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial
Servicio De Montes e Industrias Forestais

Ronda Muralla, 70 - Baixo 2
27071 LUGO

CARPETA DEL MONTE:

***“TRABAS, COBREIRA, PENATRABADA e
REME”***

COMUNIDAD PROPIETARIA:

VECINOS DE COVELAS

TÉRMINO MUNICIPAL:

RIBADEO

Año:

2005

Por lo anteriormente dicho hay que descontar de la superficie solicitada las 15 ha que corresponden a todas las parcelas del paraje de "CORDAL" y la parcela nº635 del paraje de "COBREIRA". Se adjunta el plano del Catastro de Rustica de la zona.

2.SITUACIÓN, ORIENTACIÓN, PENDIENTE Y ACCESOS

Según consta en la solicitud presentada por los vecinos, el monte consta de 26 parcelas, que se corresponden con los parajes de "Traba", "Cobreira", "Cordal", "Granda", "Peñatrabada" y "Reme".

La parcela "Traba y Cobreira" tienen una altitud comprendida entre 125 y 135 metros sobre el nivel del mar, con orientaciones sur y este. La pendiente oscila entre el 15% y 30%.

La parcela "Cordal" al estar ya clasificada no se realizó estudio alguno.

La parcela "Granda" tiene una altitud entre 50 y 100 m y una orientación sur. La pendiente media es del orden del 35%.

Las parcelas "Peñatrabada y Reme" tienen una altitud entre 50 y 150 m y orientaciones sur y este. La pendiente media es del orden 20%-40%.

A las distintas parcelas se puede acceder por la carretera de Lugo a Ribadeo, desviarnos en dirección a Reme y coger la desviación a Anzas. Otra zona para acceder es a través de la carretera de Barreiros a Ribadeo, desviándose bien en dirección a Anzas. No obstante, el monte tiene buenos accesos y en el estado actual son fácilmente recorridos en sus perímetros. Además tienen pistas o caminos que permitan el acceso por el interior.

2. SUPERFICIES

La superficie total del monte "Trabas, Cobreira, Penatrabada y Reme" es de 43,48 ha, que se reparten de la siguiente manera entre las parcelas que forman el monte:

- "Traba"0,0937 ha
- "Cobreira"22,0281 ha.
- "Granda".20,5413 ha
- "Peñatrabada"1,3825 ha
- "Reme"0,1545 ha

TOTAL43,4839 ha

3. LÍMITES Y PERÍMETROS

Son los que a continuación se detallan:

Norte: Carretera de Reme a los Carboeiros, cierres de montes de Antonio Fernandez Veiga, Juan Rodríguez Amor, Pedro Martínez, Ramon Fernandez Lopez, Concepción Rodríguez Murias, y otros.

Sur: río Grande y cierre de los montes de herederos de Rebellon, Antonia Fernandez, Manuel Parga y otros.

Este: monte de Pedro Garcia Lopez, Maria Rodríguez y otros vecinos de Santome, cierres de montes de herederos de Elisa Malvares Cancio, Jose Lamas y Maria Rodríguez

Oeste: Monte vecinal en mano comun de los vecinos de Anzas.

4. ESTADO FORESTAL. APROVECHAMIENTOS

Las parcelas del monte se encuentran provistas de vegetación arbórea, principalmente *E.globulus* que tienen una edad de 15 años procedentes de una repoblación realizada en 1989. El sotobosque esta formado por especies de los generos *Ulex*, *Ericas* y *Pteridium*. Existen tambien y como consecuencia de la diseminacion por semilla pies aislados de *P. Pinaster* y *P. Radiata*. En cuanto a los aprovechamientos forestales que se realizan se hacen para uso propio.

Los aprovechamientos tradicionales de la zona fueron el pastoreo de toda clase de ganado. La roza de matorral y la roturación y siembra de especies propias de la agricultura de la zona.

Todos estos aprovechamientos fueron realizados en común por los vecinos.


5. ESTADO SOCIO-ECONÓMICO.

La parroquia de Cubelas se encuentra bajo la influencia socio-económica del núcleo de Ribadeo, capital de la comarca de la Mariña Oriental y el núcleo más importante del noreste de la provincia de Lugo. Economía diversa con fuerte componente comercial y de servicios que sirven al sector agrícola, sector mayoritario en la base económica local. La pesca de bajura y pequeñas industrias de construcción y turismo son tambien importantes en la zona.

6. CONCLUSIONES.

A la vista de todo lo anterior y considerando el tipo de aprovechamiento que en la realidad se realiza, se propone que se clasifique como monte vecinal en mano común el monte de las siguientes características:

Nombre: "TRABA, COBREIRA, GRANDA, PEÑATRABADA Y REME"



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial de Lugo
Servicio de Montes e Industrias Forestales

PLANO Nº 1
ESCALA 1:5000

PLANO DE MONTE "CORDAL" PARA SU CLASIFICACION COMO M.V.M.C.
PERTENENCIA: COMUNIDADE DE M.V.M.C. DE AS ANZAS
(PARROQUIA DE COVELAS)
CONCELLO: RIBADEO

Lugo, a 14 de abril de 2005

EL INGENIERO DE MONTES:

Fdo.: Fernando Rengifo

- MVMC clasificado de Anzós (Cordal)
Exp. 18/79
- Parcela 635 de Cobreira clasificada
Exp. 18/79
- Propuesta de clasificación





DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do vintedous de decembro de dous mil dez, figura o acordo seguinte:

<< 4. Varios:

- e) Monte **CORDAL** (expediente 18/79), pertencente aos veciños do lugar de **ANZAS** da parroquia de **COVELAS**, no termo municipal de **RIBADEO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 26 de maio de 1980, e Monte **TRABAS, COBREIRA, GRANDA, PENATALLADA E REME** (expediente 1/2005), pertencente aos veciños dos lugares de **ANZAS e REME DE ARRIBA**, da parroquia de **COVELAS**, no termo municipal de **RIBADEO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 28 de xuño de 2006. Con data 30 de setembro de 2010 ten entrada copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Mondoñedo, con data 15 de xuño de 2010, recaída no procedemento ordinario 131/2010, na que, estimando integramente a demanda presentada, declárase: << (...) Que la comunidad de Montes en Mancomún Monte Cordal, es propietaria de la finca 27.565, inscrita en el Registro de la Propiedad de Ribadeo al Tomo 828, Libro 372, Folio 90, Inscripción 1ª, sita en el paraje de Cubelas, descrita como monte. Debo condenar y condeno a la demandada, Comunidad de Montes en mancomún de Traba, Cobreira, Granda, panatrabada e Reme, a cancelar la anotación registral del asiento que venia amparando a la demandada, y a inscribir el dominio de la finca registral anterior a favor de la actora (...) >>. Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, con data 30 de novembro de 2010, recíbese nota interior, na que se especifica que, o monte CORDAL, queda cunha superficie de 62 hectáreas, 20 áreas e 98 centiáreas. Xuntan plano resultante unha vez modificado en virtude da sentenza. Examinada a devandita sentenza, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, acatar o pronunciamento da mesma, e proceder ás correccións oportunas no expediente e na inscrición do monte no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

(...) >>

E para que conste, para a súa remisión a **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a dez de xaneiro de dous mil once.

Vº e Pr.
**O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**

Ramón Carballo Páez.